



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMALES COLETIÑAS

En Cervo a 21 de outubro de 2020

Dunha parte, Irene García Abad con DNI 77.596.934 V, en calidade de presidenta da Asociación Protectora de animais Coletañas.

Doutra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas por el artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO:** Que as entidades locais, en cuanto administracións públicas, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que sexan considerados de utilidade pública, interese social ou de promoción dunha actividade pública, mediante a concesión de subvencións, de conformidade con lo disposto polo artigo 2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LGS).

**SEGUNDO:** Que o artigo 22.2.a) da Lei 38/2003 prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos presupostos das entidades locais, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar este tipo de subvencións.

**TERCEIRO:** Que a Asociación Protectora de animais Coletañas encargase do coidado, protección e defensa dos animais e solicitou do Concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas, ademais de gastos de funcionamento. Dicha axuda está prevista nominativamente no presuposto do Concello para 2020 na aplicación presupostaría 170.48810 por un importe de 7.000 €.

**CUARTO:** Que o Concello actúa en virtude das competencias atribuídas pola lexislación básica sobre réxime local nas materias de funcionamento desta asociación.



# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

En base o anteriormente exposto, o Concello de Cervo e a Asociación Protectora de animais Coletañas firman o presente convenio de colaboración con as seguintes

## CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención finalista, prevista nominativamente nos presupostos do Concello para 2020 para colaborar no financiamento para o funcionamento da protectora de animais ademais de gastos de mantemento no ano 2020.

Segunda.- O Concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 7.000 € con cargo á partida 170.48810 á Asociación Protectora de animais Coletañas para os gastos de funcionamento e do coidado e manutención dos animais.

Terceira.- A Asociación Protectora de animais Coletañas se compromete á xestión para as actuacións levadas a cabo con os animais acollidos nas instalacións da protectora.

Así mesmo, a Asociación Protectora de animais Coletañas se compromete a xustificar a realización de ditas accións con la presentación dunha memoria explicativa das accións realizadas. A xustificación dos gastos subvencionados se realizará mediante as correspondentes facturas orixinais o copias compulsadas hasta o importe do total subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención e, en todo caso, antes do fin do presente exercicio, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso do órgano competente, e comunicar ó Concello a concesión de outras axudas que financien as accións subvencionadas.

Cuarta.- Serán subvencionables todos aqueles gastos inherentes o desenrolo da actividade obxecto do presente convenio, que sexan indispensables para o cumprimento da finalidade do mesmo.

Quinta.- O pago da subvención se realizará previa xustificación dos gastos de acordo con o establecido na cláusula terceira.



# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

Sexta.- A duración do presente convenio se entende hasta a completa realización dos eventos que constitúen o obxecto do mesmo e a actividade administrativa necesaria para a súa completa xustificación, sempre dentro do exercicio presupostario 2020. Ten carácter improrrogable e, en ningún caso poderase estender o exercicio 2021.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fines distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida dentro do prazo de vixencia sinalado.

En proba de conformidade cos termos do convenio ambas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde

Presidenta Asociación Protectora de animais Coletíñas

Alfonso Villares Bermúdez

Irene García Abad



Firmas manuscritas en azul. A primeira é unha firma longa e ondulada que se estende desde o nome do alcalde até a firma da presidenta. A segunda é a firma manuscrita da presidenta, Irene García Abad.

